



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Delegación de Ferrol

Apartado de Correos nº 356; 15480 FERROL (A Coruña)

Tfno. 881931315/616 388 935

<http://www.sghn.org> e-mail: ferrol@sghn.org

Joám Luís Ferreiro Caramés, en nome e representación da Sociedade Galega de Historia Natural de Ferrol, , con enderezo, para os efectos de notificación, no apartado nº 356 de Ferrol, C.P. 15480, na súa cualidade de Delegado, comunica a a esa Administración pública:

En relación co anuncio publicado no DOG nº 164, de 29 de Agosto de 2012, sobre a "información publica da solicitude de renovación da Autorización Ambiental Integrada (en adiante AAI) presentada por Forestal del Atlántico, S.A. para a instalación de fabricación de formol, colas e resinas; gestión de residuos Marpol, localizados no concello de Mugardos, A Coruña (clave do expediente de renovación 2012-IPPC-M-98), en tempo e forma se realizan as seguintes:

ALEGACIÓNS

Introdución:

No ano 2008 denunciámos fronte a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o inicio da solicitude fora de prazo de Forestal del Atlántico, sin que saibamos que medidas adoptou a Administración ante o flagrante incumprimento da lexislación por parte de Forestal, nin do contido das alegacións entón presentadas e das que non temos contestación algunha. Soamente faise unha concisa mención na resolución de 30 DE ABRIL DE 2008, DÁ DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL cando di: "*Ditas alegacións foron tidas en conta, en relación aos seus aspectos ambientais máis relevantes*". Na práctica descoñécese o alcance real de "*ese ter en conta*" porque non se modificou absolutamente nada relativo a todos os apartados detallados na denuncia presentada en 2008 e por iso reproducimos aquí os seus apartados máis destacados:

1.- CUESTIÓN PREVIA Nº 1, SOBRE INCUMPLIMIENTO DOS PRAZOS ESTABLECIDOS NA LEI 16/2002 E SANCIÓN CORRESPONDENTE:

A data de 1 de outubro de 2012 non se ten constancia de que a Administración multara á empresa solicitante por iniciar o procedemento de solicitude de autorización ambiental integrada fóra de prazo.

En primeiro lugar, a solicitude de Autorización Ambiental Integrada que presentou a sociedade "Forestal del Atlántico" se realiza fora do prazo que impón a Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control da contaminación.

Na exposición de motivos desta Lei, apartado 3, e na disposición transitoria primeira esta lei sinala, para as instalacións que xa estiveran en funcionamento, que

"Deberán adaptarse a la mesma antes del 30 de octubre de 2007, fecha en la que deberan contar con la pertinente autorización ambiental integrada"

Só contempla como posible excepción aquelas solicitudes realizadas antes do 1 de xaneiro de 2007 e si por demora da propia administración non a outorgara antes do 30 de outubro de 2007, poderá continuar o funcionamento de forma provisional.

Polo tanto, este non é o caso de "Forestal del Atlántico" xa que o Proxecto básico de solicitude ten data de decembro do 2007, e a información publicouse no DOG do 26 de febreiro de 2008. Forestal del Atlántico" dispuxo de tempo suficiente, dende que entrou en vigor a lei en xullo de 2002, para preparar e presentar o proxecto e os documentos dunhas instalacións que levan traballando dende o ano 1993, si se considera a última ampliación de usos.

En consecuencia, sobrepasan o prazo previsto, sen poder responsabilizar á Administración e por conseguinte están fora da lei, e nas condicións de infracción catalogada no artigo 31.3 como "GRAVE" xa que están "exercendo unha actividade sin a preceptiva autorización ambiental integrada". Si nestas condicións se produxera un dano ao medio ambiente ou as persoas pasaría a ser



unha falta "MUY GRAVE"

A sanción prevista para o caso de infracción GRAVE conleva, segundo o artigo 32, unha multa de 20.001 a 200.001 euros, clausura total ou parcial da instalación durante un período máximo de dous anos, inhabilitación para o exercicio da actividade por un período máximo dun ano e a revogación da autorización ou suspensión da mesma por un período máximo dun ano.

Neste caso, como é un feito certo que "Forestal del Atlántico" está exercendo a actividade sen a AAI, corresponde á Administración, advertida desta circunstancia polo contido desta alegación, aplicar de inmediato o previsto na lei e sancionar según o descrito no apartado anterior. No caso de non facelo será cómplice da infracción.

Na posibilidade que as instalacións continúen a actividade e se dera o caso dun dano ao medio ambiente ou as persoas, a multa se multiplicaría por un factor de 10, a clausura das instalacións sería por un período entre 2 e 5 anos, a inhabilitación para a actividade entre 1 e 2 anos, revogación da autorización ou suspensión entre 1 e 5 anos e publicación a través dos medios que considere oportunos, das sancións finalmente aplicadas así como os nomes das persoas responsables e a índole e natureza das infraccións cometidas.

2.- CUESTIÓN PREVIA N° 2, SOBRE INCUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NA LEI 16/2002, DE PREVENCIÓN E CONTROL INTEGRADOS DA CONTAMINACIÓN.

IMEGASA que é unha das instalacións suxeita ao trámite de solicitude de Autorización Ambiental Integrada non se inclúe nin na solicitude do ano 2008 nin a solicitude dá renovación do 2012.

Aínda que a Lei define, no seu Artigo 3,c o que se debe considerar "instalación" obxecto de esta Lei a:

"Cualquier unidad técnica fija en donde se desarrolle una o más de las actividades industriales enumeradas en el anexo 1 de la presente Ley, así como cualesquiera otras actividades directamente relacionadas con aquellas que guarden relación de índole técnica con las actividades llevadas a cabo en dicho lugar y puedan tener repercusiones sobre las emisiones y la contaminación".

"Forestal del Atlántico" non inclúe, na documentación nin na solicitude, as actividades nin as emisións da empresa IMEGASA.

Na pax. 64 do proxecto básico de renovación presentado por Forestal, se dice *"En cuanto a la caldera SUGIMAT propiedad de IMEGASA, esta consume gasóleo y gas pobre procedente del proceso de fabricación de formol". Con objeto de actualizar las condiciones establecidas en esta materia, en la tabla que aparece a continuación, se identifican los focos regularizados de las actividades de FASA, las características técnicas de cada una de ellas, su clasificación y el combustible entre otra información de interés.* No aparece para nada a instalación de IMEGASA.

No anexo 1, apartado 1.1.b da LEI 16/2002 onde se indican as actividades contempladas no art. 2 e suxeitas a solicitude de Autorización Ambiental Integrada: Instalacións de coxeneración, caldeiras, fornos, xeradores de vapor ou calquera outro equipamento ou instalación de combustión existente nunha industria, sexa esta ou non a súa actividade principal.

É mais, no ten ningún reparo en recoñecer na paxina 7 de 112 que

"IMEGASA, dedicada a la impregnación de papel con resinas melaninicas, comparte instalacións con la planta de Forestal del Atlántico".

Afirman que esa actividade non é obxecto do presente proxecto, sen dar razón algunha desa exclusión. Sen embargo, parte das instalacións de Imegasa aparecen incluídas nos procesos de Forestal coma é no esquema aportado da fabricación de formol (paxina 20 de 112) que inclúe unha caldeira de Imegasa, aparte doutra de Forestal.



No Anexo 1 da Lei 16/2002, cita entre as actividades contempladas no artigo 2: *Apartado 4.- Instalacións químicas para a fabricación de produtos químicos orgánicos de base, e Apartado 6.- Industria del papel y cartón e apartado 10.- consumo de disolventes orgánicos*

Polo tanto o non presentar esta solicitude cos datos detallados das actividades da empresa IMEGASA, impídenos facer as correspondentes alegacións, o cal non pode resultar unha escusa para que a Administración os esixa e os inclúa no proxecto porque son fonte de novas emisións e vertidos que deben considerarse no seu conxunto e non illadamente como ao parecer pretende Forestal del Atlántico.

Como proba de que ambas empresas non pretender ser transparentes e colaborar en canto a información facilitada ao público, se denuncia aquí que ao menos no período da exposición pública do proxecto de solicitude do 2008, as páxinas web de ambas empresas estaban desactivadas, podendo so acceder a páxina de benvida, cando hasta fai pouco se podía acceder a bastante información sobre as diferentes actividades desenvolvidas por ambas empresas -que forman parte do mesmo Grupo Tojeiro- con datos sobre facturación e volume de produción que ambas desenrolan. Con isto pretenden evitar, sen dubida, que se poida acceder a datos que puideran ser utilizados nestas alegacións.

Na data da solicitude de renovación de 2012 as páxinas web (<http://www.imegasa.com/> e <http://www.forestalatlantico.com/>) están activadas e só dan información comercial, pero polo menos confirman que a empresa realiza as seguintes actividades: *“Impregnamos papeis unicolores e decorativos para aplicacións estándar ou portformados, así como papeis kraft e overlays”* e en canto a instalacións: *“Dispomos de dúas impregnadoras VITS cunha capacidade de produción anual superior aos corenta millóns de metros cadrados, podendo impregnar papeis de até dous metros e medio de ancho”*. Por tanto confírmase que está realizando unha actividade incluída no Anexo 1 da Lei 16/2002.

Por se houberse algunha dúbida de que esta actividade está afectada pola lei 16/2002, no mesmo DOG nº 107 de 4 de xuño de 2008 onde se concede a Autorización Ambiental Integrada de Forestal, tamén se inclúe a Resolución do 25 de abril de 2008, dá Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se outorga a autorización ambiental integrada a Industrias Losán, S.A. para a planta de fabricación de taboleiro recuberto con chapa de madeira ou con papel melamínico, non concello de Curtis, provincia da Coruña. Clave: 2006/0387_NAA/IPPC.

Como queira que IMEGASA conta cunha caldeira SUGIMAT e ademais fabrican papel impregnado, están obrigados a incluíraa na Autorización Ambiental Integrada. Cousa que non fixeron nin na solicitude inicial do 2008 nin na actual de renovación.

3.- INCUMPRIMENTO POR FORESTAL DOS PRAZOS E CONDICIÓN ESTABLECIDOS NA RESOLUCIÓN DO 30 DE ABRIL DE 2008

Na AAI establecíase o prazo de un MES desde a notificación da resolución para que o titular da instalación presentase determinada información en relación cos focos emisores MOTORES 1, 2, 3 e 4 da COXERACIÓN e a CALDEIRA VULCANO, co obxecto de establecer valores límite de emisión e o programa de vixilancia e control axeitados para ditos focos.

Segundo consta na actualización da AAI de 25 de febreiro de 2009, a empresa non achegou os datos requeridos até 18 de xullo, 9 de outubro e 11 de decembro de 2008. Excedendo o prazo fixado en 2, 5 e 7 meses.

Así mesmo, no apartado 9 da solicitude do 2012 dicen que o límite de CO para os motores de coxeración é de 1445 ppm (=1654 mg/m³N) cando na actualización de 25 de febreiro de 2009 dá Resolución de 30 de abril de 2008 o límite sinalado de 1445 mg/m³N. Por tanto, nos valores que achegan para COG4 (pax. 85) excedéronse eses valores o 30/9/2008. Por tanto non pode aceptarse a proposta do Plan de control e emisións con periodicidade anual no canto de semestral por haber



indicios de que ocasionalmente pódense exceder o límites.

4.- MODIFICACIÓNS EFECTUADAS DESDE A ENTRADA EN VIGOR DO AAI

FASA cualifica como modificacións non substanciais as catro efectuadas con posterioridade ao 30 de abril de 2008:

4.1.- Construción dunha balsa de recollida antes da vertedura á balsa final. FASA a califica como mellora, cando non o é tal.

Como aval desa modificación fai referencia a unha soa Acta de Augas de Galicia do 04/06/2010 en todo o período de 4 anos, pero da lectura da acta dedúcese que:

Só se toma unha mostra da auga na piscina de captación. Así só pódese comprobar o estado previo da auga que se toma da Ría.

Afirman que non poden inspeccionar a saída da balsa final pois sempre está baixo a línea de marea e que non ten emisario. Por tanto non se realizaron mostras da saída para poder comparar coa entrada. Fai referencia a unhas medidas periódicas efectuadas a 30 m do punto de vertedura. Non parece ter sentido se non hai emisario, que a toma de datos fágase a 30 m cando xa houbo unha dilución co medio. Ademais, a acta só recolle unha medida efectuada en marzo de 2010 pero nin se achegan datos desas supostas medidas, nin de quen as fai, que debería ser un OCA e non a propia FASA. Din recibir un certificado de reparación da sonda multiparamétrica sen indicar o tempo que estivo avariada.

Da inspección detéctase que un dos corpos de decantación da elaboración de cola e resinas está saturado de residuos sólidos e só nese momento FASA manifesta que vai proceder ao seu baleirado por xestor autorizado. Xa se comenta noutro punto, que o feito de ter contratos abertos con xestores de residuos non garante que a súa xestión se estea realizando adecuadamente. A administración ten que existir que FASA presente datos de datas e cantidades das retiradas efectuadas.

4.2 Construción de punto de carga e descarga de ganeles líquidos. Baixo ese nome tan aséptico están a carga e descarga de fuel oil, gasoil e outros derivados do petróleo. Aínda que FASA afirma que non van ter motores porque se utilizarán os do buque, non achega ningún sistema (cubetos, liña de recollida e transporte a lugar de tratamento) que preveña de posibles verteduras que poidan ter lugar no bordo do peirao.

Tampouco establece que tratamentos se darán a esas verteduras.

5.- FALTA DE CONTROL DE EMISIÓNS POR PARTE DA ADMINISTRACIÓN.

O valor real de calquera medida dunha magnitude física ou química ven dado polo equipo de medida utilizado e do estado de calibración e trazabilidade do mesmo.

Todos os datos que achega FASA son medidas tomadas polos seus propios equipos. Deles non achega ningún certificado de calibración nin trazabilidade.

Só presénta o certificado no caso do sonómetro utilizado por unha empresa externa.

6.- FALTA DE CONTROL EFECTIVO DO RUÍDO XERADO POLAS INSTALACIÓNS

FASA afirma que o ruído non está suxeito a control e obxecto por tanto da AAI, a pesar de que adxunta datos de medidas efectuadas en 2010 e 2011 e que o artigo 3.k da lei 16/2002 apartado Definicións, di:



Emisión: “a expulsión á atmosfera, á auga ou ao chan de substancias, vibracións, calor ou ruído procedentes de forma directa ou indirecta de fontes puntuais ou difusas da instalación”.

Por tanto o ruído debe ser obxecto de control. Se embargo Forestal na súa solicitude de renovación do 2012 manifesta que non é requisito o control de ruído e con todo presenta os datos de medidas efectuadas por DEKRA en 2010 e 2011. Con todo as medidas efectúanse en horario entre 20:00 do 13 de outubro de 2010 e as 01:00 do día seguinte e desde as 20 h e as 24 h do 20 outubro de 2011.

Hai que destacar que o horario en que se efectúan as medidas non coincide co horario normal de traballo nesas instalacións, por tanto non se controla en horario diúrno e nocturno como pretenden aparentar.

7.-FRACCIONAMENTO DA INFORMACIÓN FACILITADA POLA EMPRESA.

Unha das actividades fundamentais desenvolvidas por Forestal “*recepción, almacenamento e distribución de hidrocarburos, que alcanza 270.700 m³*” non aparece reseñada no proxecto básico de renovación presentado.

A importancia que ten esta actividade, está confirmada porque e a única que foi obxecto de unha modificación da instalación ao respecto do ano 2008, con unha nova terminal para carga y descarga.

O fraccionamento do proxecto e unha practica constante de Forestal. Así no ano 2008 alegabamos que:

Esta mesma practica, de fraccionar a totalidade das instalacións, continua no plantexamento xeral do proxecto cando presenta valores de emisión por debaixo do limite legal, considerando os distintos focos emisores individualmente en vez de considerar nun solo valor a suma de todos eles e comparalo finalmente co valor limite.

A nota previa do ANEXO 1 da lei 16/2002 dice claramente “*Nota: los valores umbral mencionados en cada una de las actividades relacionadas en la siguiente tabla se refieren, con carácter general, a capacidades de producción o a rendimientos. Si un mismo titular realiza varias actividades de la misma categoría en la misma instalación o en el emplazamiento, se sumarán las capacidades de dichas actividades*”. Así como para determinar si el volumen de actividad es susceptible o no de necesidad de Avaliación Ambiental Integrada, las emisiones totales de una empresa y si sobrepasa o no los límites admisibles se deben considerar los datos acumulados por todas las actividades de la empresa del mismo tipo y no fraccionadas, como las presenta Forestal.

Respecto aos datos de emisións de óxidos de nitróxeno "Forestal del Atlántico" indica na solicitude, que non están regulados seus límites legais.

Isto non se corresponde coa realidade.

Nin acolléndose a unha lexislación obsoleta, estas instalacións cumprirían a normativa. Pois si ben é certo que no Decreto 833/75 non aparecían de modo explícito os valores de emisión para as actividades das caldeiras, nin tampouco para motores de coxeneración no seu anexo IV, apartado 27, si indicaba que para actividades industriais diversas, non especificadas neste anexo, marca con carácter xeneral un limite de 300 p.p.m..

Dar os datos emitidos por diferentes fontes de emisión deste modo fraccionados, pode resultar en algún caso ser inferior ao limite legal, pero o sobrepasan amplamente na emisión global da empresa.

Isto contravén ao establecido no Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, cando nas notas que acompañan aos seus anexos din que:

"El fraccionamento de proxectos de igual natureza y realizados en el mismo espacio físico no



impedirá la aplicación de los umbrales establecidos en este anexo, a cuyos efectos se acumularán las magnitudes o dimensiones de cada uno de los proxectos considerados".

Este modo de actuar, fraccionando os focos emisores, tamén está en contra da filosofía da Lei 34/2007, de 5 de novembro, de calidade e protección do aire e da atmosfera, cando no seu preámbulo di, entre outras: .

"...Se pretende abordar la pluralidad de causas y efectos de la contaminación atmosférica con una vision global del problema respecto de las fuentes, ya sean puntuales o difusas, los contaminantes y SUS impactos en la salud de las personas, el media ambiente y demás bienes de cualquier naturaleza". "En lo concerniente al enfoque integral e integrador que orienta esta ley, este se materializa tanto en el objeto y ámbito de aplicación de la misma como en los instrumentos habilitados para luchar contra la contaminación atmosférica. Con ello pretende abordar la pluralidad de causas y efectos de la contaminación atmosférica con una vision global del problema respecto de las fuentes, ya sean puntuales o difusas"

Resumindo, en temas relacionados co medio ambiente a Lei esixe considerar todo o problema en conxunto e non emisores puntuais e illados.. Unha vez mais Forestal del Atlántico amosa a súa mala fé, para seguir incumprindo a lexislación medioambiental.

8.- HISTÓRICO PARA ENTENDER COMO SE CHEGA A SITUACIÓN ACTUAL

"Forestal del Atlántico" é unha empresa fundada o 5 de agosto do ano 1987, con un capital social de 200 millóns de pesetas , representado por 20.000 accións de 10.000 pesetas de valor nominal, subscritas polas seguintes empresas: "Unemsa" (Unión de empresas madereras), "Intasa" (Industrias del Tablero S.A) y "Tablicia S.A".

Esta empresa, adicada segundo os seus estatutos a *"actividades relacionadas co sector da industria química en xeral e en especial a produción de resinas, pegamentos, colas, pastas adherentes, pinturas, papeis e laminas impregnadas en tales produtos e a transformación de materiais aptos para a actividade industrial, así como as operacións e actividades necesarias para o deslastre, desgasificación e limpeza dos tanques e a venta de subprodutos, que no exercicio de tales actividades, podan xerarse. Así mesmo, dentro de este obxecto social, se comprende a importación, exportación, distribución e transporte dos produtos e subprodutos antes descritos, así como calquera outra operación ou actividade de licito comercio que sexan antecedentes, derivadas, complementarias ou afines das anteriormente enumeradas e que con elas se relacionen directa ou indirectamente"*.

A historia e evolución de esta empresa e a seguinte:

No ano 1977, o Ministerio de Obras Publicas autoriza a "Deslastres y Gasificaciones S.A"(DESSA) a construír unha estación de deslastres e desgasificación no lugar de Punta Promontoiro, no Concello de Mugardos. Autorizando a ocupación do dominio público coa parte marítima de esta estación. Outórgalle con esta finalidade, unha verdadeira utilidade publica, a concesión administrativa para esta ocupación do dominio público con unha duración de 40 anos.

Pasado o tempo, 11 anos despois, no ano de 1988", "Forestal del Atlántico", unha sociedade recen creada, vaise asentar nesta mesma concesión administrativa, obtendo por O.M. do 5 de Abril de 1988 a cesión da anterior concesión.

Sabre esta antiga e moi necesaria estación de deslastre de buques, que ocupaba unha mínima superficie do dominio público, xa que foi construída sobre pantalaños ou estruturas voladas, "Forestal del Atlántico" vai realizar uns enormes recheos de mais de 120.000 m² no interior da Ría de Ferrol, vai mudar a súa función e se adicará a unha serie de actividades que pouco ou nada teñen que ver con aquela inicial actividade de deslastres e desgasificación, que perseguía a limpeza dos tanques dos petroleiros que virían a reparar ós asteleiros de Ferrol para evitar que os residuos de



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Delegación de Ferrol

Apartado de Correos nº 356; 15480 FERROL (A Coruña)

Tfno. 881931315/616 388 935

<http://www.sgln.org> e-mail: ferrol@sgln.org

hidrocarburos foran vertidos directamente ó mar.

Como dicimos, "Forestal del Atlántico" o pouco de facerse coa concesión de deslastres comeza cos novos usos, ate chegar a ser unha empresa que actualmente se adica ás seguintes actividades:

Fabricación de formol

Fabricación de colas e resinas

Xestión de residuos Marpol

Recepción, almacenamento e distribución de hidrocarburos (actividades non incluídas no proxecto básico).

Coxeneración de enerxía mediante a incineración de residuos e lodos de hidrocarburos

Impregnación de papeis con resinas e pegamentos realizado pola empresa IMEGASA (actividades non incluídas no proxecto básico)

Todas estas actividades esixen polo tanto un manexo, produción e almacenamento de importantes cantidades de sustancias moi tóxicas, extremadamente inflamables e explosivas que posteriormente describiremos.

Polo cal, todas estas actividades están incluídas no ANEXO I da Lei 16/2002.

O desmedido crecemento que se produce en este perigoso complexo industrial entre as anos 1990 e o ano 2004, realizase coa conivencia e o apoio interesado da Administración presidida por Fraga Iribarne. Dándose a caso que, algúns dos Conselleiros eran socios de este grupo industrial. En concreto José Antonio Orza Fernandez, ex conselleiro de Economía da Xunta de Galicia, foi secretario do Consello de Administración de "Forestal del Atlántico" hasta o seu nomeamento como Conselleiro e con posterioridade e durante toda a súa etapa de goberno, seguiu como socio desta empresa.

Isto ven a explicar como un complexo de semellante capacidade de contaminación e que supón un perigo constante para a poboación, foi crecendo sen dispor de un só Estudio de Impacto Ambiental, coa excepción do realizado para unha ampliación dun espazo portuario que lle foi outorgada, baixo a excusa do aumento de fretes, para ocupar 58.000 m² e que os promotores levaron ata mais de 120.000 m².

Esta operación resultará no futuro sumamente rentable para "Forestal del Atlántico". No ano 2001 cede o 49% de esta concesión a Reganosa por un importe de 24,5 millóns de euros.

9. DESCRICIÓN DO MEDIO FÍSICO ONDE SE ASENTA "FORESTAL DEL ATLÁNTICO"

Enclavada no mesmo corazón da Ría de Ferrol, "Forestal del Atlántico" localízase no litoral sur da Ría, concretamente na parroquia de Meá, Concello de Mugardos. Ocupa esta empresa unha parcela de aproximadamente 350.000 m², que limita o norte e leste coa beiramar da Ría de Ferrol, polo Oeste coa planta de regasificación de Reganosa e polo Sur coas vivendas do núcleo urbano do Penedo.

É ben sabido que as Rías galegas son uns conxuntos biolóxicos e xeolóxicos únicos no mundo e a Ría de Ferrol é unha das Rías con maior diversidade biolóxica, debido a variedade dos seus fondos: areosos, fangosos, cascallo, rochosos que xunto ó potente hidrodinamismo das correntes dan lugar a unha grande biodiversidade. Esta riqueza biolóxica esta documentada polos numerosos estudos realizados.

Nesta Ría mesmo se descubriron e documentaron recentemente novas especies para a ciencia: *Trachytedania ferrolensis*, *Tedania pilarriosae*, *Tedamia urgorrii*.

Por estas razóns unha importante parte da Ría de Ferrol ten a consideración de Lugar de



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Delegación de Ferrol

Apartado de Correos nº 356; 15480 FERROL (A Coruña)

Tfno. 881931315/616 388 935

<http://www.sghn.org> e-mail: ferrol@sghn.org

Importancia Comunitaria (LIC)

A Ría de Ferrol, posúe unha alta produtividade marisqueira. Ata fai pouco mais de 700 persoas vivían desta actividade extractiva. Produtividade que se ve mermada de xeito drástico pola destrución sistemática do seu ecosistema: verquidos urbanos, verquidos de Forestal e de Reganosa, recheos etc. que contaron coa complicidade das diferentes administracións.

A Ría de Ferrol debido as súas especiais condicións e o asequible acceso os produtos pesqueiros e marisqueiros foi dende sempre un lugar de asentamento da poboación. Tomos constancia destes asentamentos dende épocas prerromanas, existindo documentación de numerosos castros na comarca, precisamente, dous destes antigos asentamentos, o Castro de Noville e o Castro de Caldoval, localízanse a menos de 500 metros de "Forestal del Atlántico". Ámbolos dous foron investigados pola Universidade de Santiago.

Polo tanto ó longo dos tempos a beira da Ria de Ferrol foi lugar de acougo de numerosas poboacións, recibindo o mais importante pulo no século XVII, cando foron construídos os Arsenais de Ferrol, os primeiros asteleiros e os castelos que defendían a entrada da Ría, un monumental conxunto arquitectónico que opta a ser Patrimonio da Humanidade.

Na actualidade hai cinco concellos na beira da Ria: Ferrol, Narón, Neda, Fene e Mugarbos que agrupan a unha poboación de cerca de 150.000 habitantes. Os centros urbanos destes cinco concellos asoman as súas fachadas á Ría.

Varias praias destes concellos son utilizadas coma zonas de baño e foron rexeneradas despois das catástrofes ecolóxicas producidas tras os afundimentos dos barcos "Urquiola" e "Prestige".

A Ría de Ferrol é polo tanto un conxunto biolóxico, histórico, produtivo e de lecer que debe ser protexido, conservado e potenciado xa que isto se traduce nunha mellora na calidade de vida dos habitantes e nun incremento da riqueza sostible para o País.

Na actualidade está en execución o proxecto de depuración integral da Ria de Ferrol, indispensable para a recuperación dos bancos marisqueiros, da pesca e do emprego tan necesario nesta comarca. A execución real deste proxecto se ven adiando por parte das administracións responsables, e ademais a pretensión de depuración integral contrasta coa impiedade con que actúan as industrias emprazadas nas rías no que refire a verquidos e emisión.

No ano 2000 se inicia a construción do Porto Exterior de Ferrol, hoxe en funcionamento,. invertéronse mais de 183 millóns de euros. Xustificouse daquela a inversión e o impacto ecolóxico desta instalación, alegando que se trasladarían ao novo porto Exterior todas as mercadorías perigosas e contaminantes e **albergaría a planta de gas**.

De permanecer "Forestal del Atlántico" na situación actual, unha concesión na que lle restan 5 anos, nos encontraríamos que todas estas inversións realizadas polas distintas Administracións carecerían de sentido, permanecendo ameazada a riqueza da Ría e os habitantes destes cinco concellos.

As principais núcleos de poboación "Forestal del Atlántico", anexa a Planta de gas, situase a unha distancia de 100 metros do núcleo urbano do Penedo, 1000 metros dos centros urbanos de Mugarbos e do Seixo e a escasos 1.500 metros do centro de Ferrol, non existindo ningún tipo de accidente orográfico que poda facer de pantaia protectora de todas estas poboacións.

O Arsenal Militar de Ferrol situase, igualmente, fronte por fronte a "Forestal del Atlántico" a unha distancia de menos de 1000 metros.

Todos estes datos son silenciados e ocultados interesadamente no PLANO correspondente a o Emprazamento da solicitude presentada.



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Delegación de Ferrol

Apartado de Correos nº 356; 15480 FERROL (A Coruña)

Tfno. 881931315/616 388 935

<http://www.sghn.org> e-mail: ferrol@sghn.org

10. RISCOS DAS ACTIVIDADES DO COMPLEXO DE "FORESTAL DEL ATLÁNTICO"

Todas as actividades citadas a continuación precisan do manexo, descargas e almacenamento de substancias sumamente perigosas tanto para as persoas como para o medio ambiente.

Fabricación de Formaldehido (Formol)

o formaldehido é un composto químico altamente volátil e moi inflamable que a temperatura normal é un gas incoloro.

Esta substancia disólvese moi facilmente na auga, podendo disolverse 400 litros de gas por litro de auga.

A disolución acuosa ó 40% deste produto coñecido polo nome de formol.

Está demostrado que este produto é canceríxeno aplicando en concentracións superiores a 6 p.p.m. en animais de laboratorio.

A partir de 30 p.p.m o formaldehido é letal

A ORGANIZACIÓN MUNDIAL DA SAÚDE (O.M.S) RECOMENDA NIVEIS DE CONCENTRACIÓN INFERIORES A 0.05 PPM

A temperatura de auto ignición é os 300°C.

O formaldehido se degrada en paraformaldehido que é un composto explosivo.

O formaldehido é un produto utilizado para a fabricación de colas e resinas. Para a súa síntese é necesaria a utilización de metanol o cal en presenza da prata transformase en hidróxeno e formaldehido.

Unha vez sintetizado o formaldehido se vai mezclar con urea, melamina ou fenol utilizando ademais outros aditivos no proceso como son a caprolactama, dietilenglicol, amoníaco ou ácido fórmico.

O Formol almacenase en "Forestal del Atlántico" segundo o PLANO 7 en:

Tanque 701 de 500m³

Tanque 702 de 500m³

Tanque 703 de 100m³

Tanque 704 de 100m³

Metanol

Substancia altamente inflamable que arde con unha lapa invisible. As mezclas vapor/aire son explosivas.

Reacciona violentamente con oxidantes orixinando perigo de incendio e explosión. Soluble en auga.

Esta substancia é almacenada por "Forestal del Atlántico" utilizando o PLANO 7:

Tanque 705 de 50 m³

Tanque 708 de 25 m³

Fenol

En forma pura esta substancia é sólida pero como produto manufacturado comercialízase en forma líquida

O fenol é corrosivo, facilmente inflamable e os seus gases son explosivos en contacto coas lapa.



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Delegación de Ferrol

Apartado de Correos nº 356; 15480 FERROL (A Coruña)

Tfno. 881931315/616 388 935

<http://www.sghn.org> e-mail: ferrol@sghn.org

O fenol é moi soluble en auga, formando compostos fenilclorados cando se pon en contacto con augas tratadas con cloro, como é o caso das augas utilizadas no proceso de regasificación que se realiza en "Reganosa", anexa a "Forestal del Atlántico". Estes compostos fenilclorados son moi citotóxicos pola súa facilidade para atravesar as membranas celulares.

"Forestal del Atlántico" refírese a realizar un seguimento diario "para o seu control" das emisións de formol

Ácido Fórmico

Sustancia tóxica por inhalación o ingestión. A dose letal estimada para humanos é de 30 ml de ácido fórmico. Sustancia tamén soluble en auga

Urea

Sustancia soluble en auga, inflamable. En caso de incendio pode formar vapores tóxicos de NH₃, HCN.

Os produtos de descomposición da urea son o cianuro de hidróxeno e amoníaco.

Durante máis de 20 anos "Forestal del Atlántico" leva utilizando as augas da Ría de Ferrol como vertedoiro gratuito e incontrolado dos seus residuos. Estes residuos, xa sexan líquidos, eliminados a "cano libre", diariamente as augas da Ría, ou sólidos, soterrados centos de quilos de residuos de colas e urea nos recheos que efectuou "Forestal del Atlántico" nos anos 90, entraron en contacto coa auga do mar. Esta situación aínda se mantén. Os refugallo foron botados ó mar sen ningún tipo de impermeabilización previa, para construír o porto de "Forestal del Atlántico".

Poñemos a súa disposición, si o consideran convinte, información documental, fotográfica e en formato de vídeo.

Todos os bivalvos das Rías galegas sofren periódicos episodios da denominada "marea vermella" que obedece a proliferación dunhas toxinas procedentes de determinadas algas, que en certas condicións bioclimáticas incrementan o seu crecemento e proliferación.

Estes episodios que afectan a todos os bivalvos sexan mexillóns, ameixas ou vieiras son autolimitados e a duración destas "mareas vermelhas" dependen en gran medida das condicións climáticas.

A toxina A.S.P (do inglés Amnesic Selfish Poisoning) esta representada polo ácido domoico e os seus isómeros.

En Galicia esta toxina esta producida en exclusiva pola diatomea pseudo-nitzschia australis. Casualmente; esta diatomea prolifera e produce tres veces máis de ácido domoico, e dicir de toxina amnésica, en presenza de urea. Existen na actualidade numerosas publicacións científicas que así o atestigüan.

As colas e derivados da urea almacénanse segundo o PLANO 7 en:

Tanque 601 de 500m³

Tanque 602 de 150m³

Tanque 603 de 150m³

Tanque 604 de 100m³

Tanque 605 de 100m³

Tanque 606 de 50 m³

Tanque 610 de 2208m³

Tanque 611 de 2218m³



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Delegación de Ferrol

Apartado de Correos nº 356; 15480 FERROL (A Coruña)

Tfno. 881931315/616 388 935

<http://www.sghn.org> e-mail: ferrol@sghn.org

Tanque 501 de 50m³

Tanque 502 de 50 m³

TOTAL : 5.526 m³

Como dixemos antes, neste proceso de fabricación ademais se utiliza:

Amoníaco

Almacenado segundo o mesmo PLANO 7

Tanque 301 de 15 m³

Sosa

Sustancia moi corrosiva e que desprende unha gran cantidade de calor en contacto ca auga

Almacenada segundo o PLANO 7

Tanque 302 de 15 m³

Tanque 303 de 10 m³

De todos os produtos citados, prodúcense na actualidade emanacións e vertidos. Non existindo ningún tipo de control. O medidor da calidade do aire mais próximo localízase a 15 Kms de distancia. Situación tolerada ate agora pola Administración

11. SOBRE A PROPOSTA DE RESOLUCIÓN AXUNTADA COMO ANEXO 15 AO PROXECTO BÁSICO DE SOLICITUDE DA AAI

No 2012 Forestal fai unha proposta do Programa de Vixilancia Ambiental (Apartado 10, propondo parámetros a controlar e periodicidade dos controis, cando esa facultade só correspóndelle á Consellería de Medio Ambiente.

Xa nas alegacións á solicitude do 2008, denunciámos que a empresa Forestal del Atlántico non é o órgano competente para facer a proposta de resolución, debéndose limitar a presentar unha solicitude.

A proposta de resolución non aparece entre os contidos que se deben incluír no proxecto de solicitude, segundo se indica no Artigo 12 de la Lei 16/2002.

Segundo se deduce do Artigo 20 da mesma Lei 16/2002, o Órgano Competente, que no caso de Galicia será a Consellería de Medio Ambiente, tras realizar una evaluación ambiental del proxecto en su conxunto, elaborara una proposta de resolución...".

Por tanto o incluír unha proposta na solicitude parece preparar o camiño para que a Consellería firme a AAI sen ter que analizar o contido real do proxecto presentado, por outro lado incompleto, insuficiente e con información "sesgada" como veremos mais adiante.

Nesta proposta, na súa primeira páxina se afirma que a actividade principal destas instalacións é a fabricación de formol, colas e resinas. Sen embargo, si nos fixamos no volume de almacenamento que ten "Forestal del Atlántico", os materiais relacionados con estas actividades suman (tomando datos das capacidades dos tanques do anexo 4) uns 7.091 m³, mentres que a capacidade relacionada con almacenamento de hidrocarburos para consumo e venta supera a cantidade de 270.700 m³. Por razóns, tan solo de volume e de capacidade de movemento de mercancías, resulta evidente que a principal actividade non é a anteriormente indicada.

No anexo IV a esta proposta, expón as razóns polas que considera que a planta de "Forestal del Atlántico" non esta incluída na relación de actividades sometidas ao tramite de avaliación ambiental, facendo referencia a la lei 6/2001, de 8 de maio que modifica ao R.D.L. 1302/1986, de 28 de xuño e



ao decreto autonómico 327 /1991.

Os dous primeiros están derogados polo R.D.L. 1/2008 de 11 de xaneiro que entrou en vigor o día 12 de xaneiro, data anterior a presentación da solicitude de AAI. Pero que incluso remitíndonos a lei 6/2001, xa se contemplaba no seu anexo I o almacenamento de combustibles en cantidades superiores a 100.000 Tons. como actividade a que lle era aplicable a esixencia do Estudio de Impacto Ambiental.

12.- SOBRE O ENGANO QUE SUPÓN A PLANTA DE COXENERACIÓN DE FORESTAL DEL ATLÁNTICO E O DANO MEDIOAMBIENTAL QUE PRODUCE

¿é vantaxoso ecoloxicamente falando, contaminar en proporción aos 127.713 MWh totais xerados cando só son necesarios os 9.622 MWh que utilizan na propia planta, que supón menos do 8 % do total xerado, segundo datos do ano 2004?

Na solicitude do 2012 non achegan datos sobre a xeración total e a fracción aproveitada en planta, polo que se pode estimar que a realidade actual é aínda mais desfavorable desde o punto de vista ecolóxico que a do ano 2004.

A filosofía dunha planta de xeneración é mellorar o rendemento dunha instalación compaxinando as diferentes necesidades de enerxía eléctrica e a calor que pode haber dentro dunha mesma empresa. Se trata de aumentar o rendemento enerxético global do conxunto e por esta razón, tanto a refrixeración do motor o turbina de gas empregados, como o motor primario se deben realizar en circuíto pechado para aproveitar a calor sobrante noutra parte da empresa e por outro lado, tratar de cubrir o consumo de enerxía eléctrica da empresa con o xenerado no alternador da planta de coxeneración.

Todo o contrario é o que fai Forestal na súa planta de coxeneración.

Dos datos da folla 43 do Tomo I, se deduce que, de toda a enerxía eléctrica xerada, solo dedican ao conxunto da fabrica, terminal e coxeneración un exíguo 8 %, mentres que o 92 % restante se exporta a rede eléctrica. Evidentemente non é unha planta de coxeneración, sino que debe ser considerala e tratada como unha verdadeira central eléctrica que utiliza fuel oíl y slops de hidrocarburos cos seus correspondentes emisións de gases con efecto invernadoiro.

Anecdótico e o erro no dato que dan na táboa da folla 43 sobre a produción de enerxía eléctrica ao expresala en Mw cando esta é unha unidade de potencia e non de enerxía. O correcto sería Mwh. Pero vamos a supoñer que tan so se trata de un erro tipográfico e non de concepto.

Esta vantaxosa e fraudulenta denominación de planta de coxeneración, supón unha inxeción económica para a empresa que lle permite vender a enerxía eléctrica que produce mais cara que a que ela mesma está consumindo da rede (ao ser a coxeneración unha actividade promocionada pola Administración, con prezo vantaxoso e obrigación de compra), pero supón un importante dano medioambiental (atmosfera e auga de mar) e a todas as persoas que soportan a contaminación provocada por esa actividade.

No caso de ser unha verdadeira planta de coxeneración sería suficiente un so, dos catro grupos dos que dispón, para cubrir as necesidades de enerxía que ten esta planta, podendo aínda así, vender os excedentes.

Cos datos aportados no proxecto (folla 40 do Tomo I) "Forestal del Atlántico" emprega un caudal de auga de mar de cerca de 19.000 m³/día para refrixeración da coxeneración e no proceso de fabricación de formaldehido. Este volume equivale a encher e baleirar unhas 30 piscinas olímpicas todos os días do ano. A este enorme volume, hai que engadir que se devolve 3 °C mais quente (medidos a 30 m do punto de vertido, s/folla 108 de 112) e tratada con biocida para evitar incrustacións nas tubarías e intercambiadores da instalación (segundo indican en paxina 13 do anexo 15 cando citan as mellores técnicas dispoñibles (MTD's) aplicadas en Forestal:



"utilización de biocidas para evitar la formación de biofilms y la colonización de los circuitos de auga por organismos diversos"

co conseguinte dano para a fauna mariña no seu conxunto. Dado que os datos medioambientais son de pública difusión se solicitará, o final deste escrito, que a Xunta (Augas de Galicia) presente os datos recollidos mensualmente referentes a estes vertidos, en concreto, as análises do contido de biocidas nas mostras tomadas e a evolución temporal da vida no medio mariño na zona do vertido.

Isto da una idea da carga de contaminación innecesaria a que se está a someter esta zona da Ría de Ferrol. Malia a planta de coxeneración xustificárona, no seu día e a seguen querendo presentar agora, como unha solución vantaxosa medioambientalmente falando.

13.- SOBRE O PROGRAMA DE VIXIANCIA AMBIENTAL CORRESPONDENTE AOS RECHEOS REALIZADOS PARA A CONSTRUCCIÓN DO PORTO DE "FORESTAL DEL ATLÁNTICO"

Este programa, e unha esixencia ANUAL derivada da Declaración de Impacto Ambiental realizada para a ampliación dos peiraos de "Forestal del Atlántico". O pesar de esta periodicidade obrigatoria, esta entidade solo presenta o plan de vixilancia correspondente ao cuarto ano. Descoñecemos se foron realizados os anteriores.

Na toma de mostras se debe indicar ademais da zona de móstreo a localización e cantidade de exemplares que se analizaron especificando a procedencia de cada unha das zonas. Debéndose coñecer os valores resultantes das mostras tomadas tanto da zona que permanentemente esta baixo a auga como das mostras correspondentes a intermareal, ao estar sometidas a diferentes condicións de contaminación.

Por outro lado este informe se contradí ao aportar as esixencias legais. Na táboa inferior da páxina 20, no referente a calidade das augas para a cría de moluscos afirma que non esta lexislada a cantidade de coliformes fecais, mentres que na folla 6 do mesmo informe afirma que a resolución do 4 de novembro de 2002 establece un cambio na clasificación da zona de produción do banco de A Barca, de zona B a zona C, debido a un aumento dos niveis de E. Coli. ¿Que concluímos?, ¿Está ou non está lexislado?.

En canto aos parámetros de control fisicoquímicos de sedimentos, afirma que son comparables ao punto de control considerado como branco, que se toma como referencia.

Si miramos os datos da táboa inferior da folla 10, vemos que no punto catro se duplica o potencial redox, respecto ao punto 1 e en canto ao contido de materia orgánica os valores obtidos para os puntos 2, 3 y 4 resultan entre 2.45 y 2.93 veces maiores que os do punto de referencia.

En canto a situación dos catro puntos de muestreo, anexan unha foto, onde suponse que están sinalados aínda que na fotocopia da que dispoñemos do documento non se aprecia onde poden estar,

O plan de vixilancia debe aportar a situación xeográfica (latitude-lonxitude) de cada un deles, con datos de profundidade si é que están somerxidos ou si quedan en seco con marea baixa, para coñecer cal é o punto de referencia e cales son os de control.

14.- SOBRE A OCULTACIÓN DE DATOS NA XUSTIFICACIÓN DA ALTURA DA CHEMINEA NO ANEXO 9

No Anexo 9 se presenta a xustificación da altura da cheminea en base a uns datos parciais e sesgados, como a continuación se detallará.

Tras catro primeiras follas con mera aparencia de seriedade técnica, aportan os datos que van a



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Delegación de Ferrol

Apartado de Correos nº 356; 15480 FERROL (A Coruña)

Tfno. 881931315/616 388 935

<http://www.sghn.org> e-mail: ferrol@sghn.org

considerar no calculo da altura necesaria para as chimeneas da caldeira Vulcano) e os de μ tan solo uno! dos catro motores da planta de coxeneración.

A explicación que se aporta para presentar os datos deste motor unicamente é que era o que, no último control, resultara con as medidas de emisións mais desfavorables.

Nada mais Lonxe da verdade.

Unha vez mais "Forestal del Atlántico" pretende ocultar os verdadeiros datos.

Si nos molestamos en realizar os cálculos correspondentes segundo o presentado na paxina 3 deste anexo 9, se pode deducir que a altura de cheminea da planta de coxeneración debería de ser de 13,49 m que se indican na folla 7 como válida Estes cálculos realizáronse tendo en conta as emisións de SO₂ de tan so un motor de coxeneración con 667.63 mg/m³N ó 21,24 kg/h equivalentes, para o caudal de fumes facilitado.

A planta de coxeneración funciona sen embargo habitualmente cos catro motores traballando simultaneamente

Podémolo comprobar tomando os datos da xeración do ano 2003 (tamén os mais desfavorables para Forestal por ser os mais altos dos tres que aportan.). Un total de 182.261 MWh (salvado erro de unidades). Ver táboa da folla 43

Con este valor, e repartindo entre 365 días y 24 horas ao día, resulta unha potencia xeradora de 20.805 kw.

Sendo 4 x 6590 kw a potencia nominal dos catro grupos, suponse un factor de coincidencia real medio del 79 %.

Quere isto dicir que en case o 80 % do tempo estiveron xerando os catro motores a vez. Polo tanto, e voltando ao calculo da altura da cheminea, é imprescindible introducir, os datos de emisión simultánea dos catro motores e non so dun, como se fixo no estudio presentado neste anexo 9.

Así, si calculamos de novo a altura da cheminea cun valor do caudal de emisións de SO₂ correspondente aos catro motores resulta unha altura de 26,96 m. Si, exactamente o dobre da que xustifican neste anexo.





A cheminea que da servizo aos motores da planta de coxeneración ten efectivamente unha altura de 27,5 metros.

Pero tendo en conta que a planta de coxeneración de "Forestal del Atlántico" se sitúa nunha cota de altura de 25 metros por debaixo das vivendas mais próximas (na explanada que esta case a nivel do mar), as emisións se realizan a efectos prácticos a mesma altura que as vivendas mais próximas e que non distan máis de 100 metros das chemineas. Sendo falaces os cálculos

de dispersión presentados. Necesitando en todo caso unha cheminea de 42,5 metros de altura para lograr a dispersión presentada no estudo.

Na foto adxunta se pode apreciar esta realidade, sinalando cunha lixeira negra a referencia da altura do borde da cheminea respecto das casas mais próximas que se corresponde cos lugares do Galiñeiro, Mea e A Pedreira. A foto esta realizada dende unha altura aproximada de 22 metros polo que a visual respecto o borde da cheminea é practicamente horizontal.

15.- SOBRE OS CERTIFICADOS DE ACEPTACIÓN DE RESIDUOS DO ANEXO 10

No anexo 10 axuntan unha serie de certificados de aceptación de residuos coa intención de demostrar que os residuos que xeran e que non poden tratar internamente, son enviados periodicamente ao xestor autorizado correspondente.

Na solicitude de renovación do AAI de 2012, hai unha Acta de Inspección de Augas de Galicia onde se confirma esta suposición, y que demostran que a realidade da xestión de residuos dista moito do que FASA di. Nesa Inspección se detecta que un dos corpos de decantación da elaboración de cola e resinas está saturado de residuos sólidos e só no momento en que se detecta a anomalía, FASA manifesta que vai proceder ao seu baleirado por xestor autorizado.

E convinte destacar que a documentación que presentan so certifica que solicitaron a aceptación de determinados residuos e que a súa solicitude foi aceptada. Isto é, que a partir dese momento, poden enviar residuos dese tipo concreto e estes serán recepcionados pola empresa. Pero como indica claramente nos certificados de Sogarisa:

LA POSESIÓN DEL PRESENTE DOCUMENTO NO IMPLICA QUE EL RESIDUO HAYA SIDO ENVIADO A LAS INSTALACIONES DE SOGARISA.

Simplemente que tomaron unha mostra ou simplemente que coa identificación do produto facilitada por Forestal e tomaron a decisión de aceptalos.

E dicir, con estes certificados non se xustifica, nin se confirma que se estiveran enviando eses residuos nos anos pasados a estes xestores. So que estaban dispostos a recollelos.

E mais, hai constancia de que cando Forestal realizou as recheos para a ampliación do peirao, gran parte deles, onde agora están as instalacións de Reganosa, aproveitáronse para soterrar gran cantidade de residuos que Forestal tiña acumulados en tanques e fosas de decantación.

Para certificar estas entregas de residuos deberíanse axuntar certificados de envío onde estean rexistradas as cantidades de cada residuo e as datas nas que se enviaron, asinadas polos responsables de ambas empresas: quen a entrega e quen a recibe.

Datos que debe comprobar a Administración

No resumo técnico do anexo 25 afirman ter rexistro de todas as entregas efectuadas sen embargo en toda a documentación a exposición pública no aportan ningún destes supostos documentos.



16.- SOBRE A NECESIDADE DE REALIZAR ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL, SEGUNDO ARTIGO 12 DA LEI 16/2002 DE PREVENCIÓN E CONTROL INTEGRADOS DA CONTAMINACIÓN

O procedemento da lei 16/2002 indica que debe incluír o estudo de impacto ambiental naqueles casos aplicables.

"Forestal del Atlántico" despachase afirmando simplemente que non esta incluída na relación de actividades sometidas a dito trámite e alega que a planta se encontra funcionando dende o ano 1981

Ademais de falso, afirmamos que, a antigüidade no estado de ilegalidade non debe proporcionar dereito algún a exención dos tramites ambientais.

A "Forestal del Atlántico" lle e de aplicación a mesma normativa que o resto das instalacións do País

No R. D. 1/2008 de 26 de xaneiro no texto Refundido sobre Evaluación de Impacto Ambiental di no seu Artigo 3: sobre

"Los proyectos públicos o privados, consistentes en la realización de obras, instalaciones o de cualquier actividad comprendida en el anexo I deberán someterse a una evaluación de impacto ambiental en la forma prevista en esta ley".

Si miramos no ANEXO I podemos leer baixo o epigrafe Grupo 3" *Industria energetica, apartado h: "Instalaciones para el ahnacenamiento de productos petroliferos mayores de 100.000 toneladas".*

(Por Si a empresa tratase de alegar que o que corresponde aplicar é o derogado R. D. 9/2000 de 6 de outubro, que modificaba ao R.D.L. 1302/1986, recordamos, que tamen no seu artigo 1 e o seu correspondente Anexo I dicía algo semellante e xa) Si nos molestarnos en reunir as datos diseminados pola documentación que presenta "Forestal del Atlántico", encontrámonos os seguintes tanques para o almacenaxe de hidrocarburos:

Identificación del tanque en Anexo 4	Produto	Volumes (m ³)	Volumes Acumulado (m ³)
201	Fuel , gasoil o slops	50.000	
202	Fuel , gasoil o slops	35.000	
203	Fuel , gasoil o slops	35.000	
204	Fuel , gasoll o slops	35.000	
205	Fuel , gasoil o slops	35.000	
TL-1	Fuel , gasoll o slops	10.000	
TL-2	Fuel , gasoil o slops	10.000	
906	Fuel , gasoil a slops	10.000	
TM-1	Fuel , gasoil a slops	7.000	
TL-3	Fuel , gasoil o slops	6.000	
TS-5	Fuel , gasoil o slops	5.000	
TS-4	Fuel , gasoll a slops	5.000	
TS-3	Fuel , gasoil o slops	5.000	



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Delegación de Ferrol

Apartado de Correos nº 356; 15480 FERROL (A Coruña)

Tfno. 881931315/616 388 935

<http://www.sghn.org> e-mail: ferrol@sghn.org

TS-2	Fuel, gasoil o slops	3.200	
I14-4	Fuel , gasoil o slops	3.200	
TN-1	Fuel , gasoil o slops	3.200	
TN-2	Fuel , gasoil o slops	3.200	
901	Fuel , gasoil o slops	3.000	
902	Fuel , gasoil o slops	3.000	
C-5	Fuel , gasoil o slops	1500	
C-6	Fuel , gasoil o slops	900	
C-2	Fuel , gasoil o slops	500	
C-3	Fuel , gasoil o slops	500	
C-4	Fuel , gasoil o slops	500	270.700

Todos estes depósitos non dispoñen de ningún Estudo de Impacto Ambiental cando supoñen unha actividade que esta incluída no anexo I.

Como non especifica o produto almacenado en cada un dos tanques. Consideraremos, simplemente para calcular o peso, unha densidade media para hidrocarburos. Tomando a densidade do fuel Nº 1 (o gasoil é algo máis lixeiro e os slops máis densos) con unha densidade de 0,82 ton/m³. Resulta unha cantidade de 221.974 toneladas de almacenaxe de hidrocarburos. Cantidade bastante superior ao límite de 100.000 ton establecida para a existencia de la ETA.

Aínda máis o ANEXO I da lei 16/2000 presenta unha NOTA onde advirte

"que el fraccionamiento de proyectos de igual naturaleza y realizados en el mismo espacio físico no impedirá la aplicación de los umbrales establecidos en este anexo, a cuyos efectos se acumularán las magnitudes o dimensiones de cada uno de los proyectos considerados"

Tamén esta incluído no grupo 5.

Industrias química, petroquímica, téxtil y papelería, apartado c) "Instalaciones para el almacenamiento de productos petroquímicos o químicos con una capacidad de al menos, 200.000 toneladas".

Valor tamén superado con creces, aínda non se sumen os almacenamentos de produtos químicos.

Neste apartado queremos recordar que non están incluídas as actividades da empresa IMEGASA neste proxecto de solicitude da AAI cando é unha realidade que comparte terreos con Forestal del Atlántico e que aínda que apareza como empresa independente, pertencen ao mesmo grupo industrial e nace no ano 1991 (o ano seguinte da concesión concedida a Forestal para produción, transporte, almacenamento, venta e consumo de colas e dos produtos deles derivados) para produción de papel impregnado de melanina, comparten los tanques almacén, así como ata a entrada a factoría, servizo de vixilancia, etc...

Queda demostrado que todas as instalacións, polas actividades que se desenvolven na planta de "Forestal del Atlántico", precisan do correspondente Estudio de Impacto Ambiental"



17.- SOBRE A NECESIDADE DE CUMPRIMENTO DOUTRAS NORMATIVAS, ENTRE AS QUE SE ENCONTRA O RAMINyP

Certo é que o Raminp foi derogado pero segue en vigor mentres non se desenvolve unha lexislación autonómica que o substitúa.

Estas instalacións están afectadas igualmente polo Regulamento de Actividades, Molestas, Nocivas e Insalubres (RAMINyP) que evidentemente "Forestal del Atlántico" tamén incumpre ao estar situadas a menos de 2 Km dos núcleos urbanos máis próximos.

Na exposición de motivos da Lei 16/2002 sobre a autorización ambiental integrada, apartado 6, di que esta AAI so é a efectos das esixencias dende o punto de vista ambiental. O que non exclúe o cumprimento doutras normativas aplicables, como RAMINP, lei 2414/1961, que se cita especificamente na publicación da solicitude da AAI no DOG nº 40 do 26 febreiro de 2008.

De acordo a este Regulamento, é esixible con carácter xeral a distancia de 2000 m a calquera núcleo de poboación. Recordar sentencias do Supremo aplicando esta lei a unha EDAR, bastante menos perigosa que estas instalacións. Hai xurisprudencia do Supremo, como a 2002/25958 TS 3ª sec. 5ª S 14-06-2002 Pte: Garzón Herrero. Manuel Vicente, onde no seu resume di que

"las industrias fabriles que deban ser consideradas como peligrosas o insalubres solo podrán emprezarse como regla general a una distancia de 2.000 m desde el núcleo de población agrupada. En este caso se trataba de una industria de fabricación de poliestireno calificada de insalubre y peligrosa. Solo en casos muy excepcionales puede ser autorizada una distancia menor, supuestos que han de ser objeto de una exhaustiva justificación".

"Forestal del Atlántico" so dispón da licenza municipal do ano 1978, que serviu de xustificación para a que posteriormente lle concederon outra no 2001, sen ter realizado a "exhaustiva xustificación" que o Supremo pon como esixencia para admitir unha distancia menor

Si naquel caso se pretendía reducir a distancia ao núcleo de de poboación, a tan so 125 m. No caso de Forestal, o núcleo de Mugar dos, con 2.593 habitantes esta a unha distancia de 1.500 m, pero nun radio de 1.000 m, xa hai máis de 230 vivendas con máis de 700 habitantes e nun radio de 2.000 m, entre núcleos de poboación de Mugar dos e unha parte de Ares se alcanza una poboación de máis de 4.200 habitantes e con este mesmo radio, hacia o Norte a cidade de Ferrol.

Tamén hai outra sentenza do supremo do 1 de abril de 2004 onde declarase a nulidade das obras da estación depuradora de auga residuais de Aranda de Duero situada a uns 1.500m del núcleo de poboación máis cercano, recordando que a dispensa da distancia de 2.000 m non debe ser obxecto dunha interpretación extensiva senón mediante a xustificación adecuada e explícita sobre a distancia.

No proxecto presentado por "Forestal del Atlántico" no Anexo de autorizacións, ANEXO G, aparece a calificación inicial de Deslastres y Desgasificaciones (DESSA) como actividade Molesta, Insalubre, Nociva y Peligrosa no ano 1978.

A esta empresa -que precede a Forestal no lugar de Punta Promontorio- para tarefas de tratamento dos residuos de aceites e combustibles procedentes de buques destinados a reparar nos asteleiros da Ría, lle foi concedida concesión administrativa por Orden Ministerial do 1 de xullo de 1977) dentro do Dominio Público Marítimo Terrestre situado no Concello de Mugar dos e adscrito a Autoridade Portuaria de Ferrol-San Ciprian, cos usos autorizados de "Estación de deslastres y desgasificación de buques" actividades estas que dende un principio foron catalogadas como Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas.

Posteriormente por Orden Ministerial de 5 de abril de 1988 se aprobou a transferencia da concesión anterior que disfrutaba DESLASTRES Y DESGASIFICACIONES a favor de FORESTAL DEL ATLÁNTICO. Neste momento so podía utilizar a concesión para os mesmos usos de DESSA.

Por Orden Ministerial do 14 de febreiro de 1990 se autorizou a ampliación de usos dunha



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Delegación de Ferrol

Apartado de Correos nº 356; 15480 FERROL (A Coruña)

Tfno. 881931315/616 388 935

<http://www.sghn.org> e-mail: ferrol@sghn.org

superficie portuaria. Sen que isto signifique ou dea a entender que sexa unha autorización de funcionamento, cuestión esta que nunca sería potestade exclusiva da Autoridade Portuaria.

Os novos usos a os que se adicará anterior DESA: produción, transporte, almacenamento, venda e consumo de colas e dos produtos de eles derivados.

Con esta novas actividades, nin a perigosidade nin a nocividade diminuíron, senón todo o contrario, ao pasar a manexar produtos como as colas de urea-formal, colas de melanina-urea-formol, cola fenilica, amoníaco anhidro, formaldehidos, hidróxido sódico (sosa caústica), alcohol metílico, melanina, fenol, caprolactama, oxidietanol, ácido fórmico, cloruro de hidróxeno.

Nas fichas de seguridade do ANEXO 5 e no aportado en estas alegacións, pódense ver as seus efectos tanto en estado natural como os produtos xerados no caso de combustión, onde a maioría xeran gases tóxicos, corrosivos, irritantes, incluíndo ácido cianhídrico, óxidos de nitróxeno e amoníaco.

Por Acordo do Consello de Administración da Autoridade Portuaria de fecha 22/12/1993 se outorga a FORESTAL DEL ATLÁNTICO, S.A. nova concesión administrativa para

"Ampliación de uso de la concesión otorgada por Orden Ministerial de 14 de febrero de 1990, siendo los novos usos autorizados:

la recepción y almacenamento de combustibles de las clases B y C para su posterior distribución así como

(ii) la recepción y almacenamentos de aceites vegetales para la producción de biocombustibles de origen vegetal y sus derivados, así como su posterior distribución."

Igual que na ampliación anterior, ademais da autorización que corresponde a Autoridade Portuaria, debería cumprir co resto das Normativas.

Tras esta nova ampliación de usos, en Punta Promontorio se desenvolven as seguintes actividades:

Fabricación de colas y resinas: "El proceso consiste en la obtención de resinas y colas de polimerización a partir fundamentalmente de urea y metanol coma materias primas. El metanol se transforma primeramente en formol y después se mezcla con la urea para dar origen a las resinas y colas poliméricas".

Impregnación de papeles melamínicos: "Consiste esta actividad (..) en la impregnación de papeles decorativos, con resinas de urea y melamina fabricadas por Forestal del Atlántico".

Deslastres y Desgasificación. Almacenamiento de Productos B y C.

"Consisten en la recepción, tratamiento y depuración de slops procedentes del lavado de buques-tanque de hidrocarburos y la posterior cogeneración, y en el amacenamiento y entrega de productos B y C para su posterior distribución.

(iv) Fabricación de biocarburantes: "fabricación de carburantes y combustibles derivados de aceites vegetales, capaces de producir energía sin aportación neta de CO2 a la atmósfera".

Con esta nova concesión se incrementa aínda máis a perigosidade do conxunto.

"Forestal del Atlántico" chega polo tanto ate istos días non so sen adoptar ningunha medida especial de seguridade se non que, a traveso de sucesivas ampliacións incrementando considerablemente o perigo



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Delegación de Ferrol

Apartado de Correos nº 356; 15480 FERROL (A Coruña)

Tfno. 881931315/616 388 935

<http://www.sghn.org> e-mail: ferrol@sghn.org

E esixible polo tanto a distancia mínima de 2.000 m que leva tantos anos incumprindo.

En canto a posibles comentarios en relación co Regulamento RAMINP a súa posible derogación por la Lei 34/2007 convén facer as seguintes aclaracións:

1º) Este regulamento afecta e afectará a todas as alegacións e procesos xudiciais que se presenten o pódanse presentar no futuro contra as instalacións de Forestal del Atlántico por estar en vigor na data de solicitude da Autorización Ambiental Integrada. Por tanto, aínda que a nivel nacional foi derogada (con condicións) pola Lei 34/2007 de data 15 de novembro, as instalacións de Forestal en Mugardos deberán cumprir en todo momento con ese Decreto.

2º) A lei anterior 34/2007, di na súa Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

"1. Queda derogado el _Reglamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, (RAMINP) aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de noviembre. No obstante, el citado Reglamento mantendrá su vigencia en aquellas comunidades y ciudades autonomas que no tengan normativa aprobada en la materia, en tanto no se dicte dicha normativa."

3º) Como a Comunidade Autónoma de Galicia non ten unha lei específica e integral que substitúa ao Raminyp, este Regulamento está en vigor *na* nosa comunidade.

4º) De acordo con diversas sentenzas do Tribunal Supremo sobre este Regulamento, hai que ter en conta o seguinte:

Sobre los planes urbanísticos de los Municipios:

"... las ordenanzas municipales y los planes urbanísticos del municipio no pueden desoir la regla general de 2.000 metros establecida..."

Sobre a dispensa para reducir esta distancia:

"la dispensa de la regla general sobre distancias mínimas, en cuanto prevista sólo en casos excepcionales, y nunca debe ser objeto de interpretaciones extensivas ...y dado que en ella se exige el previo informe favorable de la Comisión Provincial de Servicios Técnicos, este informe ha de referirse, específicamente, al tema de la distancia, razonando cuáles son las circunstancias del caso concreto que justifican dispensar regla general. . debe permitir apreciar que las medidas correctoras impuestas no son sólo las que demanda el tipo de actividad de que se trate, sino, además, singularmente, las exigibles por la concreta circunstancia de la reducción de la distancia"

c) Sobre as comunidades Autónomas:

"...el apartamiento de aquella norma (RAMINP) en el territorio de una Comunidad Autónoma exigirá que la normativa propia de esta (Comunidad Autónoma) la haya sustituido, sin duda alguna, por otra cuya potencialidad protectora no sea menor"

18.- SOBRE O INFORME PRECEPTIVO DO CONCELLO

Na exposición de motivos, a Lei no apartado 6, indica que

"se garante a participación municipal a través dos seguintes mecanismos:

En la solicitud debe incluir un informe que acredite la compatibilidad del proyecto con el planeamiento urbanístico y además dentro del procedimiento debe incluir un informe preceptivo sobre aspectos de la instalación que sean de su competencia.

En la fase final del procedimiento se exige el pronunciamiento final sobre la concesión de dicha licencia."

En canto aos dous primeiros, no proxecto se adxunta un informe do Concello de abril del 2005, onde so se refire ao cumprimento das instalacións de Forestal respecto a criterios urbanísticos de



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Delegación de Ferrol

Apartado de Correos nº 356; 15480 FERROL (A Coruña)

Tfno. 881931315/616 388 935

<http://www.sghn.org> e-mail: ferrol@sghn.org

edificabilidade e usos do solo. (Que por outra parte foron obxecto de un PERI tras os acordos entre a empresa Forestal e o propio Concello de Mugardos e que na actualidade están recorridos en contencioso administrativo). Sen embargo, neste informe o Concello de Mugardos

Non se manifesta respecto o cumprimento das distancias de seguridade tal e como debería ter feito segundo a anteriormente citada sentenza do Tribunal Supremo.

Non se pronuncia respecto as actividades que desenvolve "Forestal del Atlántico"

(iii) Non especifica que medidas se adoptaron para asegurar que os habitantes situados a menos dos 2.000 m no van a resultar afectados no caso de accidente.

Tampouco existe un pronunciamento final sobre a concesión da licenza por parte dos responsables municipais.

Por esixencia da Consellería de Medio Ambiente, segundo escrito do 7 de agosto de 2012, o informe preceptivo do concello debe incluír: control de cheiros, verteduras, rúidos, etc. Parámetros que se deben controlar, límites, periodicidade e condicións de medida.

19.- SOBRE A FALTA DE DATOS DECLARADOS DOUTRAS EMISIÓN EXISTENTES DE FORESTAL-IMEGASA

No ano 2002 a empresa IMEGASA tramitou unha declaración de efectos ambientais de unha caldeira de valorización de residuos sólidos, procedentes de recortes de papel melaminado, restos de madeira e serrín para queimar, que doutra forma habería que utilizar gasoil. (Queremos deixar constancia que esta caldeira no momento da tramitación xa levaba tempo en funcionamento)

No proxecto presentado, naquela data, aparece unha caldeira de marca SUGIMAT cunha potencia declarada de 600.000 kcal/h e con este valor foi como se tramitou o expediente.

Consultado o fabricante Sugimat S.L. que nos facilita as referencias de caldeiras de aceite térmico que subministra a Galicia, non aparece rexistrado ningún suministro a IMEGASA. Sen embargo encontramos a Forestal del Atlántico a quen lle subministra no ano 1990 unha caldeira cunha potencia de 6.000.000 kcal/h **dez veces superior** a declarada por "Forestal del Atlántico"

¿A caldeira que vendeu Sugimat no 1990 a "Forestal del Atlántico" é a caldeira Vulcano que aparece no proxecto que agora presentan?

Esto é o máis probable, dado que a data de venda coincide co comezo de actividade de IMEGASA no ano 1991. De ser isto así, cuestión que debe ser comprobada pola administración y tomar las medidas oportunas. Imegasa debe realizar os tramites que eludiu coa presunta falsificación de datos e recibir a sanción correspondente.

Aínda no caso pouco probable que existisen dous caldeiras distintas, unha de 6.000.000 kcal/h de "Forestal del Atlántico" e outra de 600.000 kcal/h de "IMEGASA", faltaría a solicitude de declaración dunha delas.

Na solicitude actual de AAI non se inclúen os datos de emisións da caldeira de valorización de residuos que se tramitou no ano 2002. Naquela solicitude indicábase que queimaba restos de melanina, que segundo a folla de seguridade dese produto, que pódese consultar no enlace <http://www.telecable.es/personales/ealahequimicosinspn/nspn1154.htm>, se descompón ao queimar intensamente ou ao arder, producindo fumes tóxicos e irritantes, incluíndo ácido cianhídrico, óxidos de nitróxeno e amoníaco. Deberanse incluír estas emisións no estudio ambiental xeneral deste conxunto de actividades que se desenvolven en Punta Promontorio. Forestal y/o Imegasa terán que aclarar con datos fehacientes que é o que realmente teñen instalado e o que lles falta por declarar como posibles puntos de emisión de contaminación para incluílos no balanceo final de emisións que inclúa todas as actividades que se realizan nesta zona industrial para poder avaliar os seus efectos en todo o seu conxunto na solicitude de Aprobación Ambiental Integrada.



20.- SOBRE A UTILIZACIÓN DA ZONA DE SERVIDUMBRE DE PROTECCIÓN DE COSTAS PARA EFECTUAR INSTALACIÓNS ALMACENAMENTO DE PRODUTOS PETROLÍFEROS

Hai un asunto relacionado coa Lei de Costas que afecta a parte das instalacións de Forestal del Atlántico. Os tanques identificados como 202, 203, 204, no anexo 4 da documentación presentada, están construídos dentro da zona de 100 m de servidumbre de protección de costas. Están construídos sen a preceptiva autorización.

Como xa dixemos, "Forestal del Atlántico" herda da anterior DESSA a concesión que esta tiña en Punta Promontorio. Esta actividade de deslastre de DESSA era considerada de interés xeral pois servía para garantir a seguridade dos traballadores nas reparacións efectuadas nos buques polos asteleiros da Ría (Bazan e ASTANO), e por este motivo foi obxecto dun trato de favor polo Goberno de entón, realizando un deslinde entre os marcos nº 207 ao 233, reducindo a servidume de protección a 25 m da liña de preamar, de modo que se facilitaba a instalación da estación de deslastres e desgasificación, de acordo co aprobado no Consello de Ministros do 21 marzo de 1975.

A empresa Forestal del Atlántico polo tanto disfruta de esa redución pero so entre esos marcos antes citados. Debendo respetar o deslinde marítimo-terrestre e as distancias de servidumes. Cuestión esta que incumpe flagrantemente.

Si miramos nun plano a escala o directamente sobre imaxes de Google Earth como a que se anexa, podemos situar unha liña marcando unha distancia de 100 m dende a liña que marca o límite do dominio público marítimo-terrestre na coroa dos acantilados.



(antes de los recheos efectuados para o vial de acceso). Os tanques identificados como 202, 203 e 204 quedan totalmente dentro desta zona de servidume de Costas. Incluso o tanque 205 queda parcialmente dentro da zona porque a liña de costa se retrae ata a esquerda ata a parte inferior da foto. Polo tanto, procede a súa demolición ao igual que se fai con outras construcións ilegais realizadas en anos



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Delegación de Ferrol

Apartado de Correos nº 356; 15480 FERROL (A Coruña)

Tfno. 881931315/616 388 935

<http://www.sghn.org> e-mail: ferrol@sghn.org

anteriores en zonas das mesmas características de zona de servidume de protección de costas.

Si é que "Forestal del Atlántico" contase con unha autorización específica da Demarcación de Costas que lle autorizara a construír estes tres tanques nesta zona de protección non terá inconveniente en incluíla no proxecto, cando o modifique.

Si polo contrario so dispón da licenza municipal de obras, terá que demolelos e devolver os terreos ao seu estado orixinal.

21.- SOBRE O CONTIDO DA SOLICITUDE, SEGUNDO ARTIGO 12 DA LEI 16/2002

Entre outras esixe:

Presentación da documentación esixida pola lexislación de Costas para a autorización de vertidos dende terra ao mar

- Estudio de Impacto Ambiental esixidos pola lexislación que resulta de aplicación. O conxunto de actividades que actualmente desenvolve "Forestal del Atlántico" fóronse ampliando co paso dos anos, sen que se teña realizado un estudio do impacto ambiental de todas as súas actividades.

So presentou un estudio de impacto ambiental da ampliación dos peiraos cuxo contido se saltou posteriormente ao dragar e rechear mais metros dos previstos no estudio.

A ampliación de vertidos non foi sometida a Avaliación de Impacto ambiental en base a unha simple apreciación da Dirección Xeneral de Calidade y Evaluación Ambiental de que

"no procede someter al trámite ambiental por entender que no se va a producir tin efecto adverso significativo en el medioambiente"

(Ver paxina 1 do anexo A do apartado Autorizacións).

Curiosa forma de proceder. Cando o razoable seria realizar o estudio e como consecuencia do mesmo concluír si o aumento de vertidos afectan o non significativamente o medio.

Nunca ata agora realizouse un estudio do conxunto de todas as posibles afeccións as persoas e ao medio ambiente que implican todas as actividades de "Forestal del Atlántico" e IMEGASA no interior da ría de Ferrol, LIC, zona densamente poboada e de gran riqueza marisqueira, que se debería realizar agora, antes de pensar en outorgar unha AAI por oito anos

22.- SOBRE OS VERTIDOS E O ILEGAL PROCESO MARPOL NA PLANTA DE FORESTAL DE "FORESTAL DEL ATLÁNTICO"

Dos datos que achegan no anexo 24 sobre informe técnico e actividade Marpol conclúese que o proxecto que presenta Forestal do Atlántico ignora por completo a Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 23 de Outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

En particular cando, no seu artigo 4, determina que

"los estados miembros habrán de aplicar las medidas necesarias para prevenir el deterioro del estado de todas las masas de aguas superficiales".

Difícilmente pódese garantir o cumprimento desta obrigaición cando o proxecto non caracteriza o estado das augas que van soportar a vertedura, tanto no que se refire aos indicadores de calidade biolóxicos, aos indicadores de calidade hidromorfolóxicos, o aos indicadores fisicoquímicos, nin específica en absoluto as concentracións dos tóxicos a verter, limitándose a dar uns niveis que non deben sobrepasar (non establecidos na regulamentación aplicable), e que sen embargo, non son



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Delegación de Ferrol

Apartado de Correos nº 356; 15480 FERROL (A Coruña)

Tfno. 881931315/616 388 935

<http://www.sghn.org> e-mail: ferrol@sghn.org

controlados os efluentes da planta.

Sendo un oleómetro e os escasos controles anuais realizados por Augas de Galicia o único método de análises dos vertidos.

A Directiva 2006/11/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de febreiro 2006, relativa a contaminación causada por determinadas sustancias perigosas vertidas no medio acuático da Comunidade (Versión codificada), que entre outras cousas di: "...*Debe suprimirse la contaminación causada por el vertido de las diferentes sustancias peligrosas incluídas en la lista I de categoría y grupos de sustancias*".

A lista I comprende determinadas sustancias que foron escollidas principalmente pola súa toxicidade, persistencia e bioacumulación

" 7) aceites minerais persistentes e hidrocarburos de orixe petrolífero persistentes".

A lista II comprende:

2) Biocidas y sus derivados que non figuren en la lista I." Esta Directiva considera que:

"(17) Una política de aguas eficaz y coherente debe tener en cuenta la vulnerabilidad de los ecosistemas acuáticos situados cerca de las costas y los estuarios o en golfos o mares relativamente cerrados, puesto que el equilibrio de todas estas zonas depende en buena medida de la calidad de las aguas continentales que fluyen hacia ellas.

protección del estado de las aguas en las cuencas hidrográficas proporcionara beneficios económicos, al contribuir a la protección de las poblaciones piscícolas, incluídas aquellas que tienen su hábitat cerca de las costas".

O RD. 995/2000 de 2 de xuño, polo que se fixan obxectivos de calidade para determinadas sustancias, forza a que "as autorizacións de verteduras teran como obxectivo conseguir un bo estado ecolóxico das augas". La ley 16/2002, de 1 de julio, de prevención y control integrados de la contaminación establece, en su artículo 4, apartado 1b que:

"b) Se evite la producción de residuos o, si esto no fuera posible, se gestionen mediante procedimientos de valorización, preferentemente mediante reciclado o reutilización. En el supuesto de que tampoco fuera factible la aplicación de dichos procedimientos, por razones técnicas o económicas, los residuos se eliminarán de forma que se evite o reduzca al máximo su repercusión en el medio ambiente, de acuerdo con la normativa aplicable en la materia".

Non apreciándose no proxecto a posibilidade manifesta algunha, para levar a cabo ditos procedementos de valorización.

Por todas estas razóns, existen argumentos firmes para solicitar a invalidez de este procedemento, xa que non se axusta as directrices da Lei 16/2002, en vigor desde o pasado 2 de xullo de 2003.

o proxecto non ten en conta as situacións máis desfavorables que puidesen ocorrer no funcionamento da planta: fallos, accidentes, avarías, secas prolongadas, etc., nas cales non se cumpriran as especificacións de vertedura. Tampouco se garanten o funcionamento en continuo dos dispositivos de control dos efluentes e o necesario acceso público a esa información medioambiental.

A Lei 16/2002, de 1 de julio, de prevención y control integrados de la contaminación establece, en su artículo 4, apartado 1b que:

"b) Se evite la producción de residuos o, si esto no fuera posible, se gestionen mediante procedimientos de valorización, preferentemente mediante reciclado reutilización. En el supuesto de que tampoco fuera factible la aplicación de dichos procedimientos, por razones técnicas o económicas, los residuos se eliminarán de forma que se evite o reduzca al máximo su repercusión en el medio ambiente, de acuerdo con la normativa aplicable en la materia"



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Delegación de Ferrol

Apartado de Correos nº 356; 15480 FERROL (A Coruña)

Tfno. 881931315/616 388 935

<http://www.sghn.org> e-mail: ferrol@sghn.org

A planta de "Forestal do Atlantico" non dispón de instalacións de depuración axeitadas para tratar augas contaminadas que producen anualmente.

A este respecto, poñemos en cuestión os datos e análises achegados que amosan unha total coincidencia entre os valores analizados para as verteduras da planta e auga de admisión (auga limpa).

Resulta de todo punto imposible que os efluentes do proceso produtivo, sen estar sometidos a ningún tratamento físico-químico, ou non mellor dos casos a un simple proceso de decantación (so para as augas residuais asimilábeis as urbanas), amosen a mesma calidade que a auga ambiente. Con respecto a versión que circula no sector de que descargas de augas oleosas con menos de 15 ppm (segundo MARPOL de IMO) pódense verter ao mar non sempre é certo tal como pódese deducir da lectura das Regras 15 e 34 do Anexo I do MARPOL que se transcriben a continuación.

"PARTE C - Control de las descargas operacionais de hidrocarburos DESCARGA FUERA DE ZONAS ESPECIALES

REGLA 15

Estará prohibida toda descarga en el mar de hidrocarburos o mezclas oleosas en el mar desde buques cuyo arqueado bruto sea igual o superior a 400, a menos que se cumplan TODAS las condiciones siguientes:

- El buque está en ruta

- La mezcla oleosa, en el caso de los petroleros, no estar mezclada con residuos de los hidrocarburos de la carga.

- El contenido del afluente sin DILUCION no excede de 15 ppm. Regla 34

Estará prohibida toda descarga en el mar de hidrocarburos o mezclas oleosas en el mar procedente de las zonas de carga de un petrolero, salvo que se cumplan TODAS las condiciones siguientes:

Que el petrolero esté en ruta

Que el petrolero no este en una zona especial (mares pequeños, rías cerradas, etc.

Que el petrolero se encuentre a mas de 50 millas marinas de la tierra mas próxima

Que el regimen instanáneo de descarga de hidrocarburos no exceda de 30 litros por milla marina, etc."

"Forestal del Atlántico" no citado anexo 24 do proxecto de solicitude da por valido aplicar 10 ppm para as verteduras porque así aparece escrito no documento de autorización a DESSA (Estación de Deslastres) que non esquezamos é do ano 1975 (ANEXO H). Autoexcluíndose inxustificadamente de cumprir as actuais normas reguladores que lle afectan.

Non aportan "Forestal del Atlántico" ningunha mellora técnica dispoñible no mercado que produza unha redución de hidrocarburos nos seus efluentes

A pesar que estas existan e que incluso son obrigatorias en outras Comunidades Autónomas.

Dispositivos obrigatorios en Catalunya:

RESOLUCIÓN MAH/2385/2006, de modificación da Resolución MAH12386/2005, de 2 de agosto, pola que se establecen os criterios ambientais para o outorgamento do Distintivo de garantía de calidade ambiental nas estacións de servizo e as unidades de subministración.

2.4.3 Tratamento das augas residuais nos procesos de subministración de hidrocarburos.

As US teñen que dispor dun equipo que permita tratar as augas residuais sucias que xeran, entre outros, nos procesos de subministración de hidrocarburos e de limpeza das instalacións.



Estes equipos poden ser os sinalados a continuación, ou ben outros de equivalentes (que se especificaran), que teñan a mesma eficacia:

- a) decantador
- b) separador auga/aceites/hidrocarburos.
- c) Un tratamento fisicoquimico, segundo as características da gasoleira,
- d) Outras instalacións de tratamento.

O sistema de tratamento de augas hidrocarbурadas debe permitir alcanzar unha calidade cun contido inferior a 5 ppm de hidrocarburos.

Convén aquí facer fincapé na aplicación da mellor tecnoloxía dispoñible para reducir estas verteduras e Forestal do Atlántico so recorre a decantación, (igual que fai 30 anos) existindo na actualidade equipos separadores de verteduras oleosos que a baixan de 1 ppm sen ser equipos moi sofisticados. Ata hai equipos de baixo custo, instalados a bordo de pequenos iates particulares, que xa baixan de 5p.p.m.

23.- SOBRE A UTILIZACIÓN DE BIOCIDAS EN CIRCUÍTOS DE REFRIGERACIÓN DA COXENERACIÓN

Na Resolución da AAI de Forestal de 2008, se recollía o emprego de 18.000 m³/día de auga da Ria (pax 7 resolución 2008), agora dinnos que nese mesmo ano foron 26.000 m³/día, en progresión ascendente ata acadar as 40.000 m³/día no ano 2011 (pax. 57 e 58- proxecto de renovación), pero en todo caso "*que nadie se preocupe*", pois non supera o caudal máximo previsto permitido (73.000 m³/día)(pax. 70), iso si, non se indican as condicións de temperatura e cloro) o mesmo sucede co consumo de auga doce. Ano 2008 se nos decia que o consumo era de 43.000 Tons/día, cando en realidade foron 66.000 Tons/día. O colchón de verquidos á Ria concedidos a Forestal na AAI 2008 estableceuse en 351.475,2 m³/día.

Para evitar incrustacións nas tubaxes e intercambiadores da instalación non teñen inconveniente en dicir (segundo indican en paxina 13 do anexo 15 cando citan as mellores técnicas dispoñibles (MTD"s) aplicadas en Forestal: "utilización de biocidas para evitar la formación de biofilms y la colonización de los circuitos de agua por organismos diversos" Sen especificar que clase de biocida utilizan,

A Directiva 2006/11/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 15 de febreiro de 2006, entre outras cousas di:

"Debe suprimirse la contaminación causada por el vertido de las diferentes sustancias peligrosas incluídas en la lista I de categoría y grupos de sustancias"

E na súa lista I comprende:

2) Biocidas y sus derivados que no figuren en la lista I

A practica de utilizar cloro liquido para eliminar os organismos incrustantes da superficie interna dos circuitos (mexillóns, ostras, cirrípedes, ascidias, etc.) produce polución do medio mariño debido tanto o efecto biocida do cloro como a posibilidade de combinación deste elemento con determinadas moléculas orgánicas presentes na auga de mar dando lugar a formación de cloraminas e fenilclorados.

A cloración pode realizarse dun xeito continuo (0,5 ppm no condensador) ou mediante un tratamento de choque, efectuando inxeccións dalgúns ppm durante polo menos 10 minutos unha ou varias veces ao día. En ambos os casos, as concentracións medidas na vertedura son débiles, inferiores a 0,5 ppm para a cloración en continuo pero debe ser tomada en conta o total dos volumes de auga que se manexan



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Delegación de Ferrol

Apartado de Correos nº 356; 15480 FERROL (A Coruña)

Tfno. 881931315/616 388 935

<http://www.sghn.org> e-mail: ferrol@sghn.org

Diversos autores teñen estudado os efectos dos biocidas no medio mariño. Axuntamos esta tabla a modo indicativo

	Concentración en ppm	Duración de la exposición	Efecto	
Larvas de ostra, Balanos	0.1	6 a 48'	Sin mortandaz	WAUGH, 1960
	0.5	10'	Sin efecto	1972
	1-5	10'	Gran mortandaz	
	2.5	5'	80 % mortandaz	
Peces, Algas,	0.02-0.1	continua	Sin efecto	

As instalacións de "Forestal del Atlántico" segun a documentación presentada teñen autorizados o vertidos das seguintes cantidades

Augas residuais de procesos 124.915 m³/dia

Augas residuais pluviais 274.560 m³/dia

TOTAL 399.475 m³/dia

Unhas inxentes cantidades de augas residuais (datos fraudulentos) que dispoñen coma único sistema depurativo unha piscina decantadora con 520 m³ de capacidade.

O volume de augas pluviais autorizado é totalmente desproporcionado. Considerando a superficie total dos terreos de FASA, 339.874 m² segundo os seus propios datos, os 274.560 m³/dia suporían unha pluviosidad de 807 mm/DIA, ou cando a media en Galicia rolda os 1000 mm pero ANUAIS !!!.

Este procedemento totalmente inútil para calquera sustancia soluble en auga (Fenol, Formaldehido, Ácido Fórmico, Urea,...) resulta igualmente ineficaz coma mero proceso de decantación, debido o ridículo tamaño da piscina respecto aos volumes de vertidos considerados.

Un verdadeiro proceso de decantación precisa do estancamento das augas.

Con este caudal de verquidos se necesitaría de 80 piscinas do mesmo tamaño que a descrita.

Evidentemente, este caudal autorizado GRATUITAMENTE, simplemente enmascara os vertidos. Mediante o sistema de diluír as sustancias en grandes cantidades de auga que dificulta a súa detección pero que ó non ser depuradas, a totalidade dos tóxicos producidos, chegaran integramente ao medio receptor, incorporándose posteriormente a cadea trófica e alimentaria.

"Forestal del Atlántico" incumpre as normativas e non aporta ningunha mellora técnica concreta para resolver esta situación.

Por todo elo,

SOLICITO a esta Administración Pública que teña por presentado este escrito, o admita e de conformidade co alegado, resolva e actúe.

1.- Aplique a sanción correspondente a Forestal del Atlántico e a IMEGASA por ter sobrepasado amplamente o prazo transitorio contemplado na Lei e estar realizando actividade sen contar coa Autorización Ambiental Integrada correspondente, segundo o sinalado na cuestión previa 1ª.

2.-Paralice definitivamente todas as actividades de "Forestal del Atlántico" e IMEGASA dada que as actividades e os produtos químicos que manexan representan un perigo moi grave, levándose a cabo incumprindo a lexislación.

4.-Inicie os tramites para a demolición dos tanques identificados 202, 203, 204 para a restitución



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Delegación de Ferrol

Apartado de Correos nº 356; 15480 FERROL (A Coruña)

Tfno. 881931315/616 388 935

<http://www.sghn.org> e-mail: ferrol@sghn.org

da servidume de protección de Costas

5.-Se solicita a Xunta de Galicia nos remita os datos recollidos mensualmente, referente aos verquidos efectuados por "Forestal del Atlántico" nas augas da Ría que inclúan os biocidas e a súa evolución no medio mariño

6- Por todo o exposto en estas alegacións consideramos que estas perigosas instalacións non cumpren as mínimas condicións para que se lles otorgue á Renovación da Autorización Ambiental Integrada y se pide su revogación inmediata.

Á Administración, no exercicio da súa responsabilidade, debe impedir que "Forestal del Atlántico" continúe as actividades que desenvolve fraudulentamente amparada por unha autorización otorgada no ano 1977 para outros usos.

Ferrol, a 3 de outubro de 2012

Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

San Lázaro s/n

15781 Santiago de Compostela